A avaliación realízase en base aos criterios establecidos na base 10ª da convocatoria.

Na valoración do apartado a) do criterio 1.1 relativo á Participación en convocatorias de fomento do emprego, o baremo realízase mediante a comprobación no xestor de expediente do número de convocatorias de fomento do emprego nas que a entidade participou. Dita comprobación realízase mediante consulta co CIF da entidade ou ben mediante a comprobación no expediente propio da entidade marcando a pestana de “Documentos do interesado” a cal desprega o histórico de expedientes da entidade co Concello de Vigo.

A efectos de valoración en relación ao apartado b) do criterio 1.1 relativo a Calidade das xustificacións do importe das axudas (terase en conta a xustificación realizada na convocatoria de “Fomento do Emprego de entidades sen ánimo de lucro”, inmediatamente anterior á presente convocatoria), xúntase documento elaborado polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego onde se recollen os números de expedientes de solicitude (co importe solicitado por cada entidade) e os datos recollidos nos informes IXE da xustificación final (onde se recolle o importe total concedido en base á xustificación) e dos importes consignados como pagos realizados á entidade. (Anexo III a esta Acta)

Logo da aplicación dos criterios de valoración dos proxectos establecidos na Base 10ª, a puntuación total obtida polas entidades cuxas solicitudes foron admitidas, é a que se expón a continuación:

PROGRAMA I (ENTIDADES VECIÑAIS E CULTURAIS)

CIF	Nº Expdte.	NOME ENTIDADE	TOTAL PUNTOS
G36620854	21562-77	SOCIEDAD CULTURAL Y DEPORTIVA ATLÁNTIDA MATAMÁ	21,75
G36614097	21580-77	CIRCULO CULTURAL, MERCANTIL E INDUSTRIAL DE VIGO	45,00
G36648988	21590-77	ASOCIACIÓN VECINAL CULTURAL E DEPORTIVA SAN XURXO DE SAIANS	20,50
G27771195	21609-77	ASOCIACIÓN DE VECINOS NOVO VIGO	19,50
G36704666	21593-77	FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS EL OLIVO	18,75
G36632081	21568-77	ASOCIACIÓN VECIÑOS DE BEADE AVCU-CSCR	26,25
G36649325	21608-77	ASOCIACIÓN DE VECINOS SAN PEDRO DE SARDOMA O CARBALLO	17,75
G36651073	21610-77	ASOCIACIÓN VECIÑAL CULTURAL E DEPORTIVA DE CABRAL	37,00
G36842284	21575-77	ASOCIACIÓN VECIÑOS PLAZA DA MIÑOCA	18,00
G36654036	21611-77	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS SAN PEDRO DE MATAMÁ LA UNIÓN	17,25
G36617082	21630-77	ASOCIACIÓN CENTRO CULTURAL ARTÍSTICO E RECREATIVO VALLADARES	46,00
G36791291	21632-77	AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAIS DE VIGO	11,25

PROGRAMA II (ENTIDADES SOCIAIS E ASISTENCIAIS)



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1955/1102

CIF	Nº Expdte.	NOME ENTIDADE	TOTAL PUNTOS
G36884708	21561-77	ASOCIACIÓN VIDA DIGNA	22,00
G36626174	21581-77	FUNDACIÓN CASA CARIDAD VIGO	23,75
G94084456	21584-77	ASOCIACIÓN CULTURAL GALICIA FIDDLE	43,75
G82453606	21585-77	FUNDACIÓN ALDABA	24,75
G36892271	21586-77	ASOCIACIÓN CULTURAL INTERFOLC	10,50
G36697324	21588-77	DOWN VIGO ASOCIACIÓN PARA EL SINDROME DE DOWN	23,50
G36639110	21592-77	ASOCIACIÓN BANDA E MÚSICA UNIÓN DE VALLADARES	30,00
G27727593	21594-77	ASOCIACIÓN ACCIÓN SOLIDARIA GALICIA (ASDEGAL)	18,75
G27746486	21601-77	ASOCIACIÓN XARUMA	27,00
G36849883	21613-77	ASOCIACIÓN AUTISMO VIGO	10,50
G27867076	21614-77	THE WILD	21,75
G27877703	21616-77	ASOCIACIÓN CULTURAL ABELLA PRODUCCIÓN	27,25
G15849318	21623-77	FUNDACIÓN CIP	29,00
G67116756	21631-77	FUNDACIÓN DE LA SANTA CRUZ FUNDACIÓN CANÓNICA	15,00
G36624120	21643-77	APAMP ASOCIACIÓN DE FAMILIARES DE PERSOAS CON PARALISE CEREBRAL	38,50
G27762434	21628-77	CENTRO CULTURAL VECINAL E DEPORTIVO VIGO CENTRO	11,75
G36861078	21572-77	FUNDACIÓN ERGUETE INTEGRACIÓN	23,50
G36816106	21576-77	ASOCIACIÓN VIGUESA DE ESCLEROSIS MÚLTIPLE	20,50
G36873511	21577-77	ALENTOS – ASOCIACIÓN DE DAÑO CEREBRAL	31,25
G36817385	21599-77	ESCOLA TEMPO LIBRE XARUMA	23,00
G27796341	21589-77	ASOCIACION EDAM CENTER ASOCIACIÓN SOCIO CULTURAL RECREATIVA Y TURÍSTICA	25,50
G27745397	21622-77	FUNDACIÓN PARA LA PESCA Y EL MARISQUEO	23,25
G36605905	21625-77	ASOCIACIÓN A FAVOR DE LAS PERSONAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL ASPANAEX	33,00
G36837433	21621-77	ASOCIACIÓN MULLERES PEDRA DA VELLA	31,25
G44655009	21633-77	ASOCIACIÓN CULTURAL SEISPOROITO DE SÁRDOMA	8,00

PROGRAMA III (ORGANIZACIÓNS SINDICAIS)

Non é obxecto de avaliación, xa que non se reciben solicitudes de entidades inscritas no epígrafe 5.1 do Rexistro Municipal de Asociacións

PROGRAMA IV (ENTIDADES EMPRESARIAIS)

CIF	Nº Expdte.	NOME ENTIDADE	TOTAL PUNTOS
G42789131	21582-77	FEDERACIÓN COMERCIO E HOSTALERÍA VIGO COMERCIO	15,75
G36732295	21583-77	ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES DEL MERCADO DE TEIS DE VIGO	19,25
G02948974	21591-77	ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES Y HOSTELEROS VIGO CENTRO	15,75
G36627719	21598-77	ASETRANSPÓ	34,00
G27826999	21565-77	ASOCIACIÓN DE EMPRESARIAS DE GALICIA	26,00
G36664217	21563-77	ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES DE TEIS	16,00
G36661536	21612-77	ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES DEL CALVARIO	16,25
G36712701	21618-77	ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS MERCADO DE TRAVIESAS	16,75
G27804205	21619-77	ASOCIACIÓN COMERCIANTES Y HOSTELEROS ZONA NAÚTICO	21,50

PROGRAMA V (COMUNIDADES DE MONTES)

CIF	Nº Expdte.	NOME ENTIDADE	TOTAL PUNTOS
V36840726	21620-77	MANCOMUNIDADE DE VIGO	44,00

PROGRAMA VI (ENTIDADES DEPORTIVAS)

CIF	Nº Expdte.	NOME ENTIDADE	TOTAL PUNTOS
G27804970	21587-77	CLUB PEÑASCO	11,00
G27871375	21597-77	CLUB BALONMANO RECONQUISTA DE VIGO	20,50
G36874832	21603-77	CLUB RÁPIDO PEREIRÓ	17,00
G36649283	21604-77	CLUB POLIDEPORTIVO ALERTANAVIA	23,25
G36763084	21615-77	CLUB SAN ROQUE CASABLANCA	21,50
G36612752	21626-77	REAL CLUB NÁUTICO DE VIGO	12,25
G36796258	21617-77	CLUBE CICLISTA VALLADARES	34,25
G27722305	21607-77	CLUB DEPORTIVO FREESTYLE SLALOM VIGO	16,75
G36753911	21605-77	CLUB DEPORTIVO COIA	25,00
G36657450	21624-77	AGRUPACIÓN DEPORTIVA TAMIAR APAMP	22,50

No Anexo I a esta Acta se desagregan as puntuacións outorgadas por cada un dos criterios obxecto de valoración establecidos na Base 10ª.

6. CRITERIOS PARA A DISTRIBUCIÓN ECONÓMICA DAS AXUDAS:

O importe das axudas se determina proporcionalmente en función da puntuación obtida na fase de avaliación, co límite fixado na presente convocatoria e dentro do crédito dispoñible:

1. Cada un dos programas se avalía de forma independente.
2. Para o cálculo do período de contratación entre a data de inicio e a data de fin dos contratos aplícase a fórmula establecida no anexo V (**data de inicio;data de fin;"d")/30**; o número de meses resulta de determinar o número de días existentes entre a data de inicio e a data de fin entre 30 días/mes.
3. En cada programa se suman todo os puntos acadados polas entidades solicitantes. Se divide o crédito asignado ao programa entre o total dos puntos, obténdose, así, o valor económico do punto.
4. Se multiplica o valor económico do punto polos puntos obtidos na baremación por cada entidade.
5. Se a cantidade subvencionada inicial fose inferior á solicitada, se lle concede a axuda resultante da aplicación da avaliación. Polo contrario, se a cantidade inicialmente concedida fose superior á solicitada, se lle concede esta última, xa que, en ningún caso, se outorgan axudas por importe superior ao solicitado ou ao importe máximo da axuda para o Programa, tal e como ven establecido nas bases da convocatoria.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1955/1102

6. Se, como consecuencia do anterior, se obtén un exceso resultante de reducir á baixa o importe subvencionado, o dito excedente se redistribúe proporcionalmente entre as entidades que non superan os límites cuantitativos (é dicir, importe solicitado e importe máximo subvencionable con cargo ao Programa), en función da puntuación que tivesen acadado na fase de avaliación.
7. Se unha vez realizados os axustes se obtén un excedente, este se volve a redistribuír entre as entidades que non superan os límites indicados.
8. Se unha vez realizada a distribución do crédito total asignado a un programa, as entidades tivesen acadado o 100 % da axuda solicitada e resultase un excedente, este se distribuirá proporcionalmente entre as entidades doutros grupos ou programas que non superen os límites cuantitativos das axudas.
9. Se non se consumise o crédito asignado a un programa, debido á desestimación das solicitudes presentadas, tamén se distribuirá proporcionalmente entre as entidades doutros programas que non superen os límites cuantitativos das axudas.

A continuación se detallan as cantidades solicitadas e concedidas, segundo os criterios anteriormente descritos, así como a porcentaxe da axuda concedida.

PROGRAMA I (ENTIDADES VECIÑAIS E CULTURAIS)

Nº Expte.	CIF	NOME ENTIDADE	TOTAL SOLICITUDE	IMPORTE AXUDA COCEDIDA INICIAL	PORCENTAXE DA AXUDA CONCEDIDA
21562-77	G36620854	SOCIEDAD CULTURAL Y DEPORTIVA ATLÁNTIDA MATAMÁ	31.248,83 €	31.248,83 €	100,00%
21580-77	G36614097	CIRCULO CULTURAL, MERCANTIL E INDUSTRIAL DE VIGO	35.000,00 €	35.000,00 €	100,00%
21590-77	G36648988	ASOCIACIÓN VECINAL CULTURAL E DEPORTIVA SAN XURXO DE SAIANS	13.542,87 €	13.542,87 €	100,00%
21609-77	G27771195	ASOCIACIÓN DE VECINOS NOVO VIGO	13.400,47 €	13.400,47 €	100,00%
21593-77	G36704666	FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS EL OLIVO	16.623,90 €	16.623,90 €	100,00%
21568-77	G36632081	ASOCIACIÓN VECIÑOS DE BEADE AVCU-CSCR	5.485,61 €	5.485,61 €	100,00%
21608-77	G36649325	ASOCIACIÓN DE VECINOS SAN PEDRO DE SARDOMA O CARBALLO	10.739,28 €	10.739,28 €	100,00%
21610-77	G36651073	ASOCIACIÓN VECINAL CULTURAL E DEPORTIVA DE CABRAL	16.645,38 €	16.645,38 €	100,00%
21575-77	G36842284	ASOCIACIÓN VECIÑOS PLAZA DA MIÑOCA	8.945,38 €	8.945,38 €	100,00%
21611-77	G36654036	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS SAN PEDRO DE MATAMÁ LA UNIÓN	16.863,96 €	16.863,96 €	100,00%
21630-77	G36617082	ASOCIACIÓN CENTRO CULTURAL ARTÍSTICO E RECREATIVO VALLADARES	35.000,00 €	35.000,00 €	100,00%
21632-77	G36791291	AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAIS DE VIGO	12.097,67 €	12.097,67 €	100,00%

PROGRAMA II (ENTIDADES SOCIAIS E ASISTENCIAIS)

Nº Expdte.	CIF	NOME ENTIDADE	TOTAL SOLICITUDE	IMPORTE AXUDA COCEDIDA INICIAL	PORCENTAXE DA AXUDA CONCEDIDA
21561-77	G36884708	ASOCIACIÓN VIDA DIGNA	26.639,27 €	26.639,27 €	100,00 %
21581-77	G36626174	FUNDACIÓN CASA CARIDAD VIGO	35.000,00 €	35.000,00 €	100,00 %
21584-77	G94084456	ASOCIACIÓN CULTURAL GALICIA FIDDLE	33.848,78 €	33.848,78 €	100,00 %
21585-77	G82453606	FUNDACIÓN ALDABA	35.000,00 €	35.000,00 €	100,00 %
21586-77	G36892271	ASOCIACIÓN CULTURAL INTERFOLC	16.732,58 €	16.732,58 €	100,00 %
21588-77	G36697324	DOWN VIGO ASOCIACIÓN PARA EL SINDROME DE DOWN	35.000,00 €	35.000,00 €	100,00 %
21592-77	G36639110	ASOCIACIÓN BANDA E MÚSICA UNIÓN DE VALLADARES	23.503,22 €	23.503,22 €	100,00 %
21594-77	G27727593	ASOCIACIÓN ACCIÓN SOLIDARIA GALICIA (ASDEGAL)	19.277,07 €	19.277,07 €	100,00 %
21601-77	G27746486	ASOCIACIÓN XARUMA	11.508,55 €	11.508,55 €	100,00 %
21613-77	G36849883	ASOCIACIÓN AUTISMO VIGO	13.967,50 €	13.967,50 €	100,00 %
21614-77	G27867076	THE WILD	28.049,41 €	28.049,41 €	100,00 %
21616-77	G27877703	ASOCIACIÓN CULTURAL ABELLA PRODUCCIÓN	29.609,83 €	29.609,83 €	100,00 %
21623-77	G15849318	FUNDACIÓN CIP	16.298,41 €	16.298,41 €	100,00 %
21631-77	G67116756	FUNDACIÓN DE LA SANTA CRUZ FUNDACIÓN CANÓNICA	2.395,15 €	2.395,15 €	100,00 %
21643-77	G36624120	APAMP ASOCIACIÓN DE FAMILIARES DE PERSOAS CON PARALISE CEREBRAL	35.000,00 €	35.000,00 €	100,00 %
21628-77	G27762434	CENTRO CULTURAL VECINAL E DEPORTIVO VIGO CENTRO	12.159,40 €	12.159,40 €	100,00 %
21572-77	G36861078	FUNDACIÓN ERGUETE INTEGRACIÓN	24.998,29 €	24.998,29 €	100,00 %
21576-77	G36816106	ASOCIACIÓN VIGUESA DE ESCLEROSIS MÚLTIPLE	14.304,61 €	14.304,61 €	100,00 %
21577-77	G36873511	ALENTOS – ASOCIACIÓN DE DAÑO CEREBRAL	35.000,00 €	35.000,00 €	100,00 %
21599-77	G36817385	ESCOLA TEMPO LIBRE XARUMA	13.835,16 €	13.835,16 €	100,00 %
21589-77	G27796341	ASOCIACIÓN EDAM CENTER ASOCIACIÓN SOCIO CULTURAL RECREATIVA Y TURÍSTICA	22.645,73 €	22.645,73 €	100,00 %
21622-77	G27745397	FUNDACIÓN PARA LA PESCA Y EL MARISQUEO	35.000,00 €	35.000,00 €	100,00 %
21625-77	G36605905	ASOCIACIÓN A FAVOR DE LAS PERSONAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL ASPANAEX	35.000,00 €	35.000,00 €	100,00 %
21621-77	G36837433	ASOCIACIÓN MULLERES PEDRA DA VELLA	18.591,62 €	18.591,62 €	100,00 %
21633-77	G44655009	ASOCIACIÓN CULTURAL SEISPOROITO DE SÁRDOMA	1.876,56 €	1.876,56 €	100,00 %

PROGRAMA III (ORGANIZACIÓNS SINDICAIS)

Non é obxecto de avaliación, xa que non se reciben solicitudes de entidades inscritas no epígrafe 5.1 do Rexistro Municipal de Asociacións, polo que, o seu crédito orzamentario se distribúe proporcionalmente entre as entidades beneficiarias do Programas II e IV que non superan os límites cuantitativos das axudas, tal como e se describe no Anexo II a esta acta.

PROGRAMA IV (ENTIDADES EMPRESARIAIS)

Nº Expdte.	CIF	NOME ENTIDADE	TOTAL SOLICITUDE	IMPORTE AXUDA COCEDIDA INICIAL	PORCENTAXE DA AXUDA CONCEDIDA
21582-77	G42789131	FEDERACIÓN COMERCIO E HOSTALERÍA VIGO COMERCIO	17.219,02 €	17.219,02 €	100,00 %
21583-77	G36732295	ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES DEL MERCADO DE TEIS DE VIGO	19.376,87 €	19.376,87 €	100,00 %
21591-77	G02948974	ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES Y HOSTELEROS VIGO CENTRO	20.328,66 €	20.328,66 €	100,00 %
21598-77	G36627719	ASETRANPO	35.000,00 €	35.000,00 €	100,00 %
21565-77	G27826999	ASOCIACIÓN DE EMPRESARIAS DE GALICIA	18.311,44 €	18.311,44 €	100,00 %
21563-77	G36664217	ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES DE TEIS	21.543,07 €	21.543,07 €	100,00 %
21612-77	G36661536	ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES DEL CALVARIO	1.561,90 €	1.561,90 €	100,00 %
21618-77	G36712701	ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS MERCADO DE TRAVIESAS	10.033,15 €	10.033,15 €	100,00 %
21619-77	G27804205	ASOCIACIÓN COMERCIANTES Y HOSTELEROS ZONA NÁUTICO	32.784,64 €	32.784,64 €	100,00 %



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1955/1102

PROGRAMA V (COMUNIDADES DE MONTES)

CIF	Nº Expte.	NOME ENTIDADE	TOTAL SOLICITUDE	TOTAL Resolución	PORCENTAXE DA AXUDA CONCEDIDA
V36840726	21620-77	MANCOMUNIDADE DE VIGO	118.139,80 €	118.139,80 €	100,00%

PROGRAMA VI (ENTIDADES DEPORTIVAS)

Nº Expte.	CIF	NOME ENTIDADE	TOTAL SOLICITUDE	IMPORTE AXUDA CONCEDIDA INICIAL	PORCENTAXE DA AXUDA CONCEDIDA
21587-77	G27804970	CLUB PEÑASCO	1.201,09 €	1.201,09 €	100,00%
21597-77	G27871375	CLUB BALONMANO RECONQUISTA DE VIGO	24.796,04 €	24.796,04 €	100,00%
21603-77	G36874832	CLUB RÁPIDO PEREIRÓ	8.931,44 €	8.931,44 €	100,00%
21604-77	G36649283	CLUB POLIDEPORTIVO ALERTANAVIA	25.099,08 €	25.099,08 €	100,00%
21615-77	G36763084	CLUB SAN ROQUE CASABLANCA	20.652,78 €	20.652,78 €	100,00%
21626-77	G36612752	REAL CLUB NÁUTICO DE VIGO	3.704,34 €	3.704,34 €	100,00%
21617-77	G36796258	CLUBE CICLISTA VALLADARES	13.677,59 €	13.677,59 €	100,00%
21607-77	G27722305	CLUB DEPORTIVO FREESTYLE SLALOM VIGO	8.091,37 €	8.091,37 €	100,00%
21605-77	G36753911	CLUB DEPORTIVO COIA	9.270,81 €	9.270,81 €	100,00%
21624-77	G36657450	AGRUPACIÓN DEPORTIVA TAMIAR APAMP	11.552,36 €	11.552,36 €	100,00%

Unha vez avaliadas as solicitudes presentadas, conforme ao establecido na Base 12.6 da convocatoria, a Comisión de Valoración fai constar que, da información que obra no seu poder, despréndese que as entidades beneficiarias cumpren os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

Achéganse á acta, os documentos que se relacionan deseguido:

ANEXO I:

Se detallan as puntuacións obtidas polas entidades admitidas no procedemento, derivadas da aplicación dos criterios de valoración dos Proxectos establecidos na Base 10^a da convocatoria

ANEXO II:

Se detalla o reparto das axudas en función da puntuación acadada na fase de avaliación, e a distribución do crédito non liberado nalgún dos programas, conforme ao disposto na Base 12^a.14 da convocatoria

Anexo III:

Se detallan as porcentaxes dos importes finais xustificados en relación aos importes concedidos da convocatoria 2024 para a avaliación do criterio do apartado b) do punto 1.1 relativo a Calidade das xustificacións do importe das axudas (Aos efectos de valoración terase en conta a xustificación realizada na convocatoria de “Fomento do Emprego de entidades sen ánimo de lucro”, inmediatamente anterior á presente convocatoria)...”

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS DE FOMENTO DO EMPREGO NAS ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO, ANO 2025

Conforme a Base 12.6 da convocatoria, a Comisión de Valoración, unha vez avaliadas as solicitudes achegadas, remitirá acta na que se concrete o resultado da avaliación, á vista do cal, o instrutor do procedemento formulará proposta de resolución definitiva á Xunta de Goberno Local, como órgano competente para resolver o procedemento.

ÓRGANO COMPETENTE

O artigo 7.4 da Lei de Subvencións de Galicia establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local.

A Resolución da Alcaldía do 19 de xuño de 2023 aprobando a "Delegación de competencias xenéricas en concelleiros de área de goberno e concelleiros delegados" dispón que, os Concelleiros/as Delegados/as da Área de goberno ostentarán, entre outras, a atribucións de impulso, execución, coordinación e tramitación dos expedientes relativos á contratación administrativa, axudas, subvencións e convenios relativos ao ámbito material da competencia delegada e no seu apartado K) a instrución dos procedementos de concesión de subvencións e reintegros así como a comprobación da xustificación da subvención. En data 28/06/2024 mediante Decreto de alcaldía modifícase a resolución de delegación de competencias da estrutura área de Goberno 2023-2027 de data 28/06/2023, onde se nomea como Quinta tenente de alcalde e área de goberno de emprego, patrimonio, participación cidadá, tecnoloxía e relación coas empresas.

De conformidade co art. 127.g) da Lei 57/03, de 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local (LMMGL), correspóndelle á Xunta de Goberno Local “o desenvolvemento da xestión económica, autorizar e dispor gastos en materia da súa competencia, dispor gastos previamente autorizados polo Pleno e a xestión do persoal”.

Á vista do exposto anteriormente e, de conformidade coa base reguladora 12 apartado 6º da presente convocatoria, se formula a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: TER POR DESISTIDO da solicitude de subvención, con anterioridade á resolución do procedemento, en aplicación da base 12ª.2 da convocatoria o artigo 23.5 de la Lei xeral de subvenciones de artigo 68 da da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común (LPAC) a entidade:

**CONCELLO DE VIGO**

Expte. 1955/1102

55	G36888543	21629-77	CLUB DE ESGRIMA CIUDAD DE VIGO	Falta de achega de documentación perceptiva requirida (art. 68 LPAC)b no prazo estipulado.	Base 12ª.2
----	-----------	----------	--------------------------------	--	------------

SEGUNDO: DESESTIMAR, conforme ao art. 25.3 da LXS, ás (2) dúas solicitudes de subvención que se relacionan, por non cumprir coas condicións ou requisitos establecidos nas bases reguladoras para acadar a condición de beneficiarias e, en particular, polas causas indicadas:

53	G21696844	21627-77	CLUB DEPORTIVO MEDIA PUNTA	Non atoparse inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións	BASE 2.2 e 11.2
----	-----------	----------	----------------------------	--	-----------------

	CIF	NºExpte	Entidade	Motivo desestimación	Fundamento xurídico
29	G36827079	21602-77	CLUB RÍAS BAIXAS	As contratacións non se atopan comprendidas nos períodos subvencionables. As contratacións son nas anualidades 2014 e 2019	Bases 3ª e 14ª 3.d)

TERCEIRO: CONCEDER, de conformidade co art. 25.3 da LXS, ás entidades que, de seguido, se relacionan, con cargo á partida presupostaria 2410 4800000 “Programa de axudas ao plan de emprego municipal” do vixente exercicio presupostario, por importe de **1.212.109,94 €** (un millón douscentos doce mil cento nove euros con noventa e catro céntimos):

PROGRAMA I (ENTIDADES VECIÑAIS E CULTURAIS)

Nº Expte.	CIF	NOME ENTIDADE	TOTAL SOLICITUDE	IMPORTE AXUDA COCEDIDA INICIAL	PORCENTAXE DA AXUDA CONCEDIDA
21562-77	G36620854	SOCIEDAD CULTURAL Y DEPORTIVA ATLÁNTIDA MATAMÁ	31.248,83 €	31.248,83 €	100,00%
21580-77	G36614097	CIRCULO CULTURAL, MERCANTIL E INDUSTRIAL DE VIGO	35.000,00 €	35.000,00 €	100,00%
21590-77	G36648988	ASOCIACIÓN VECINAL CULTURAL E DEPORTIVA SAN XURXO DE SAIANS	13.542,87 €	13.542,87 €	100,00%
21609-77	G27771195	ASOCIACIÓN DE VECINOS NOVO VIGO	13.400,47 €	13.400,47 €	100,00%
21593-77	G36704666	FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS EL OLIVO	16.623,90 €	16.623,90 €	100,00%
21568-77	G36632081	ASOCIACIÓN VECIÑOS DE BEADE AVCU-CSCR	5.485,61 €	5.485,61 €	100,00%
21608-77	G36649325	ASOCIACIÓN DE VECINOS SAN PEDRO DE SARDOMA O CARBALLO	10.739,28 €	10.739,28 €	100,00%
21610-77	G36651073	ASOCIACIÓN VECIÑAL CULTURAL E DEPORTIVA DE CABRAL	16.645,38 €	16.645,38 €	100,00%
21575-77	G36842284	ASOCIACIÓN VECIÑOS PLAZA DA MIÑOCA	8.945,38 €	8.945,38 €	100,00%
21611-77	G36654036	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS SAN PEDRO DE MATAMÁ LA UNIÓN	16.863,96 €	16.863,96 €	100,00%
21630-77	G36617082	ASOCIACIÓN CENTRO CULTURAL ARTÍSTICO E RECREATIVO VALLADARES	35.000,00 €	35.000,00 €	100,00%
21632-77	G36791291	AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAIS DE VIGO	12.097,67 €	12.097,67 €	100,00%

PROGRAMA II (ENTIDADES SOCIAIS E ASISTENCIAIS)

Nº Expdte.	CIF	NOME ENTIDADE	TOTAL SOLICITUDE	IMPORTE AXUDA COCEDIDA INICIAL	PORCENTAXE DA AXUDA CONCEDIDA
21561-77	G36884708	ASOCIACIÓN VIDA DIGNA	26.639,27 €	26.639,27 €	100,00 %
21581-77	G36626174	FUNDACIÓN CASA CARIDAD VIGO	35.000,00 €	35.000,00 €	100,00 %
21584-77	G94084456	ASOCIACIÓN CULTURAL GALICIA FIDDLE	33.848,78 €	33.848,78 €	100,00 %
21585-77	G82453606	FUNDACIÓN ALDABA	35.000,00 €	35.000,00 €	100,00 %
21586-77	G36892271	ASOCIACIÓN CULTURAL INTERFOLC	16.732,58 €	16.732,58 €	100,00 %
21588-77	G36697324	DOWN VIGO ASOCIACIÓN PARA EL SINDROME DE DOWN	35.000,00 €	35.000,00 €	100,00 %
21592-77	G36639110	ASOCIACIÓN BANDA E MÚSICA UNIÓN DE VALLADARES	23.503,22 €	23.503,22 €	100,00 %
21594-77	G27727593	ASOCIACIÓN ACCIÓN SOLIDARIA GALICIA (ASDEGAL)	19.277,07 €	19.277,07 €	100,00 %
21601-77	G27746486	ASOCIACIÓN XARUMA	11.508,55 €	11.508,55 €	100,00 %
21613-77	G36849883	ASOCIACIÓN AUTISMO VIGO	13.967,50 €	13.967,50 €	100,00 %
21614-77	G27867076	THE WILD	28.049,41 €	28.049,41 €	100,00 %
21616-77	G27877703	ASOCIACIÓN CULTURAL ABELLA PRODUCCIÓN	29.609,83 €	29.609,83 €	100,00 %
21623-77	G15849318	FUNDACIÓN CIP	16.298,41 €	16.298,41 €	100,00 %
21631-77	G67116756	FUNDACIÓN DE LA SANTA CRUZ FUNDACIÓN CANÓNICA	2.395,15 €	2.395,15 €	100,00 %
21643-77	G36624120	APAMP ASOCIACIÓN DE FAMILIARES DE PERSOAS CON PARALISE CEREBRAL	35.000,00 €	35.000,00 €	100,00 %
21628-77	G27762434	CENTRO CULTURAL VECINAL E DEPORTIVO VIGO CENTRO	12.159,40 €	12.159,40 €	100,00 %
21572-77	G36861078	FUNDACIÓN ERGUETE INTEGRACIÓN	24.998,29 €	24.998,29 €	100,00 %
21576-77	G36816106	ASOCIACIÓN VIGUESA DE ESCLEROSIS MÚLTIPLE	14.304,61 €	14.304,61 €	100,00 %
21577-77	G36873511	ALENTOS - ASOCIACIÓN DE DAÑO CEREBRAL	35.000,00 €	35.000,00 €	100,00 %
21599-77	G36817385	ESCOLA TEMPO LIBRE XARUMA	13.835,16 €	13.835,16 €	100,00 %
21589-77	G27796341	ASOCIACIÓN EDAM CENTER ASOCIACIÓN SOCIO CULTURAL RECREATIVA Y TURÍSTICA	22.645,73 €	22.645,73 €	100,00 %
21622-77	G27745397	FUNDACIÓN PARA LA PESCA Y EL MARISQUEO	35.000,00 €	35.000,00 €	100,00 %
21625-77	G36605905	ASOCIACIÓN A FAVOR DE LAS PERSONAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL ASPANAEX	35.000,00 €	35.000,00 €	100,00 %
21621-77	G36837433	ASOCIACIÓN MULLERES PEDRA DA VELLA	18.591,62 €	18.591,62 €	100,00 %
21633-77	G44655009	ASOCIACIÓN CULTURAL SEISPOROITO DE SÁRDOMA	1.876,56 €	1.876,56 €	100,00 %

PROGRAMA IV (ENTIDADES EMPRESARIAIS)

Nº Expdte.	CIF	NOME ENTIDADE	TOTAL SOLICITUDE	IMPORTE AXUDA COCEDIDA INICIAL	PORCENTAXE DA AXUDA CONCEDIDA
21582-77	G42789131	FEDERACIÓN COMERCIO E HOSTALERÍA VIGO COMERCIO	17.219,02 €	17.219,02 €	100,00 %
21583-77	G36732295	ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES DEL MERCADO DE TEIS DE VIGO	19.376,87 €	19.376,87 €	100,00 %
21591-77	G02948974	ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES Y HOSTELEROS VIGO CENTRO	20.328,66 €	20.328,66 €	100,00 %
21598-77	G36627719	ASETRANSPÓ	35.000,00 €	35.000,00 €	100,00 %
21565-77	G27826999	ASOCIACIÓN DE EMPRESARIAS DE GALICIA	18.311,44 €	18.311,44 €	100,00 %
21563-77	G36664217	ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES DE TEIS	21.543,07 €	21.543,07 €	100,00 %
21612-77	G36661536	ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES DEL CALVARIO	1.561,90 €	1.561,90 €	100,00 %
21618-77	G36712701	ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS MERCADO DE TRAVIESAS	10.033,15 €	10.033,15 €	100,00 %
21619-77	G27804205	ASOCIACIÓN COMERCIANTES Y HOSTELEROS ZONA NÁUTICO	32.784,64 €	32.784,64 €	100,00 %

PROGRAMA V (COMUNIDADES DE MONTES)

CIF	Nº Expdte.	NOME ENTIDADE	TOTAL SOLICITUDE	TOTAL Resolución	PORCENTAXE DA AXUDA CONCEDIDA
V36840726	21620-77	MANCOMUNIDADE DE VIGO	118.139,80 €	118.139,80 €	100,00%

PROGRAMA VI (ENTIDADES DEPORTIVAS)



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1955/1102

Nº Expdte.	CIF	NOME ENTIDADE	TOTAL SOLICITUDE	IMPORTE AXUDA CONCEDIDA INICIAL	PORCENTAXE DA AXUDA CONCEDIDA
21587-77	G27804970	CLUB PEÑASCO	1.201,09 €	1.201,09 €	100,00%
21597-77	G27871375	CLUB BALONMANO RECONQUISTA DE VIGO	24.796,04 €	24.796,04 €	100,00%
21603-77	G36874832	CLUB RÁPIDO PEREIRÓ	8.931,44 €	8.931,44 €	100,00%
21604-77	G36649283	CLUB POLIDEPORTIVO ALERTANAVIA	25.099,08 €	25.099,08 €	100,00%
21615-77	G36763084	CLUB SAN ROQUE CASABLANCA	20.652,78 €	20.652,78 €	100,00%
21626-77	G36612752	REAL CLUB NAÚTICO DE VIGO	3.704,34 €	3.704,34 €	100,00%
21617-77	G36796258	CLUBE CICLISTA VALLADARES	13.677,59 €	13.677,59 €	100,00%
21607-77	G27722305	CLUB DEPORTIVO FREESTYLE SLALOM VIGO	8.091,37 €	8.091,37 €	100,00%
21605-77	G36753911	CLUB DEPORTIVO COIA	9.270,81 €	9.270,81 €	100,00%
21624-77	G36657450	AGRUPACIÓN DEPORTIVA TAMIAR APAMP	11.552,36 €	11.552,36 €	100,00%

CUARTO : Modificar o prazo de presentación da xustificación das subvencións outorgadas, regulado na cláusula décimo cuarta das bases, ata o día 17 de outubro de 2025 [...]

QUINTO: PUBLICAR na Base Nacional de Datos de Subvencións, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org) as subvencións concedidas, individualmente consideradas, con expresión da convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario/a, cantidade concedida e programa subvencionado, aos efectos do disposto no art. 20 LXS e 35 do RLXS, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

SEXTO: NOTIFICAR o presente acordo aos/as interesados/as, nos termos establecidos no art. 26 da LXS, e art. 40 e 41 da Lei 39/2015 do PAC, con indicación expresa de que contra o mesmo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015 do PAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

/sma

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(738).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA A FAVOR DA “FEDERACIÓN VIGUESA DE PEÑAS RECREATIVAS EL OLIVO” PARA COADJUVAR Á ORGANIZACIÓN DA FESTA DO MAGOSTO 2025. EXPTE. 10504/335.

Visto o informe xurídico do 04/09/2025 e o informe de fiscalización do 17/09/2025, sométese a aprobación o informe-proposta do 02/09/2025, asinado pola xefa do

Servizo de Festas e conformado pola concelleira de Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

O Concelleiro Delegado da área de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais resolveu o día 14 de agosto de 2025, que se iniciase o expediente necesario para a redacción dun convenio de colaboración coa “Federación Viguesa de Peñas Recreativas El Olivo (CIF G-36.704.666)”, para a realización da “Festa do Magosto 2025”, o día 8 de novembro, na Praza do Berbés (Vigo), dentro da programación “Vigo en Festas 2025”.

Que dende hai varios anos, o Concello de Vigo vén organizando en colaboración coa Federación Viguesa de Peñas recreativas “El Olivo” (CIF G-36.704.666) a organización da Festa do Magosto, xa que o Concello non dispón dos medios persoais e materiais suficientes para afrontar a organización en solitario deste evento, que conta cunha gran afluencia de público.

A Federación Viguesa de Peñas recreativas El Olivo está en condicións de organizar a presente edición desta festa, que terá lugar o vindeiro 8 de novembro de 2025, na praza do Berbés conforme ao Programa e Presuposto de ingresos e gastos, recollidos no texto do convenio.

O Concello de Vigo está interesado en apoiar e potenciar a oferta cultural da cidade, así como en achegarlle á cidadanía unha oferta cultural diversificada que albergue o maior número posíbel de actividades dirixidas a todos os sectores culturais.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

O carácter cultural atópase entre as competencias atribuídas aos municipios nos artigos 25.2.m e 127 da Lei 7/1985 e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

A xustificación desta subvención nominativa vén dada na propia lexislación vixente, concretamente nos artigos 25.2.m, 72 e 127 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, no que se fai referencia a que o municipio no ámbito das súas competencias pode promover toda clase de actividades culturais que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, así como que as entidades locais deben favorecer o desenvolvemento das asociacións para defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños; e á conveniencia da participación de entidades de carácter cultural, social e veciñal como colaboradores na organización de diversos programas e acontecementos culturais, ofertados polas entidades locais.

Así mesmo no artigo 72 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, faise referencia á conveniencia da participación de entidades de carácter cultural, social e veciñal como colaboradores na organización de diversos programas e acontecementos culturais.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1955/1102

O expediente de referencia ten por obxecto a aprobación dun convenio para a concesión dunha subvención polo procedemento de réxime directo. Este convenio incorpora os contidos mínimos esixidos para a concesión destas subvencións polo artigo 26.2 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e pola Base 38 de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo, contidos que se estiman conformes ao interese público que o convenio persegue.

O convenio é un dos que poden celebrar as administracións públicas con persoas xurídicas privadas, co obxecto de satisfacer os intereses públicos que teñen encomendados e que non se poden cualificar como un contrato administrativo típico na medida en que non se corresponden co obxecto dun contrato de servizos por conter determinadas peculiaridades respecto das pretensións que deben realizar as entidades convenientes e especialmente a inexistencia dun prezo en sentido estrito, ao limitarse a achega económica do Concello a compensar estritamente os gastos realizados polas entidades para a realización das actividades. Este convenio regularase igualmente pola Lei 40/2015 de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público.

O Concello de Vigo e a Federación Viguesa de Peñas Recreativas El Olivo asinan dende o ano 1996 e de forma ininterrompida convenios de colaboración similares para desenvolver este evento, acadando uns resultados moi satisfactorios para ambas as partes.

Conforme ao disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública, se outorguen directamente.

A presente axuda acóllese ao réxime excepcional de concesión directa, conforme ao artigo 22.2 da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, polo que o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na aplicación orzamentaria 3380.489.0013, prevé a concesión dunha subvención directa de carácter nominativo, a través do correspondente convenio por importe de 10.000,00 (dez mil) euros a favor da Federación Viguesa de Peñas Recreativas El Olivo para coadxuvar aos gastos de desenvolvemento da Festa Gastronómica do MAGOSTO dentro do programa de Festas de Vigo 2025.

O importe total deste convenio, de carácter anual, con todos os conceptos e impostos incluídos, ascende a 10.000,00 euros.

Este convenio, queda suxeito ao cumprimento pola entidade dun determinado obxectivo de utilidade pública e interese social. A entidade encargárase da organización xeral do evento e asumirá todos os gastos derivados da mesma e que, segundo o presuposto presentado, ascenden a un total de 12.568,15 euros.

Pola súa banda, o Concello de Vigo, ademais de achegar a cantidade económica indicada, solicitará a presenza dos servizos de Protección civil e Policía local nos espectáculos e editará o material gráfico para a difusión da “Festa do Magosto 2025”.

A Federación Viguesa de Peñas Recreativas El Olivo presenta declaración responsable de non estar incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia.

Consultadas os certificados de débedas obrantes no expediente compróbase que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo.

En relación ao seguro de RC esixido pola cláusula primeira do texto do convenio, este debe ser verificado pola mediadora de seguros municipal unha vez presentados pola organizadora do evento no momento da solicitude da autorización ou permiso municipal do evento obxecto desta subvención.

O réxime xurídico de aplicación do presente convenio será a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o seu regulamento de desenvolvemento, así como a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

En aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido na Lei 38/2003, nos artigos 20. 4 e 8 b).

De conformidade co artigo 127. g da Lei 7/1985, corresponderá á Xunta de Goberno local a aprobación da concesión da subvención nominativa, con carácter previo, a aprobación do gasto de conformidade co previsto no artigo 31 da LG 9/2007.

Á vista do que antecede, e coa conformidade do concelleiro delegado da área de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais e do Concelleiro de Orzamentos e Facenda, e tras os informes favorables Xurídico e da Intervención Xeral, faise á Xunta de Goberno local a seguinte:

PROPOSTA:

“1º.- Aprobar a concesión directa dunha subvención nominativa a favor da Federación Viguesa de Peñas Recreativas El Olivo (CIF G-36.704.666), para a organización da “Festa Gastronómica do Magosto 2025” e aprobar o texto de convenio que a regula.

2º.- Autorizar e dispoñer o gasto total de 10.000,00 euros, en concepto do estipulado no convenio, a favor da “Federación Viguesa de Peñas Recreativas El Olivo” con cargo á aplicación orzamentaria 3380.489.0013 (Festa do Magosto) do vixente orzamento.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1955/1102

3º.- Notificar a presente resolución ao interesado, indicando que esta resolución pon fin á vía administrativa e contra a mesma cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, ante o órgano competente da Xurisdición Contencioso administrativa, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de Xurisdición Contencioso-administrativa.

Así mesmo, a resolución poderá ser recorrida potestativamente en reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo Común das Administracións Públicas.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROPOSTA DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FEDERACIÓN VIGUESA DE PEÑAS RECREATIVAS "EL OLIVO (G-36.704.666) PARA A ORGANIZACIÓN DA FESTA DO MAGOSTO 2025

En Vigo, na data da sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte, don ÁNGEL RIVAS GONZÁLEZ, na súa calidade de CONCELLEIRO-DELEGADO DA ÁREA DE PARQUES E XARDÍNS, COMERCIO E FESTAS ESPECIAIS DO CONCELLO DE VIGO, na representación legal do mesmo, en virtude do Texto consolidado de delegación de competencias en concelleiros/as de área do Concello de Vigo conforme Decreto de Alcaldía de data 21/06/2023, 28/06/2023 e modificación de data 28/06/2024.

Doutra, don Camilo Pais Martínez, (DNI 35.995.159-K) como presidente da Federación Viguesa de Peñas recreativas de Vigo "El Olivo", CIF nº G-36.704.666 e enderezo social na rúa Otero Pedraio, nº 5 de Vigo, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 10504/335.

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe do acto.

Recoñecéndose mutuamente os comparecentes a plena capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- Os intervinientes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión dunha subvención, cuxo obxecto é a organización da Festa do MAGOSTO 2025, que se desenvolverá os días 8 de novembro de 2025, dentro do programa de actividades do Concello

de Vigo, na praza do Berbés. A exclusividade do programa considérase acreditada no proxecto presentado pola antedita asociación, así como o seu interese público e social.

II.- O Concello de Vigo e a Federación Viguesa de Peñas Recreativas “El Olivo”, veñen asinando dende o ano 1996 e de forma ininterrompida, convenios de colaboración para desenvolver a Festa do Magosto, cuns resultados acadados moi satisfactorios para ambas as partes.

III.- A Federación Viguesa de Peñas Recreativas “El Olivo” ten entre outros fins, e segundo os seus estatutos, os de organizar e desenvolver eventos recreativos e o apoio ás iniciativas desenvolvidas en prol do engrandecemento cultural de Vigo.

IV.- O Concello de Vigo, a través do Servizo de Festas Especiais, está interesado en preservar a cultura, folclore e as tradicións populares galegas, como é o caso da Festa do Magosto. De igual maneira, o Concello está interesado en achegarlle á cidadanía unha oferta cultural diversificada e popular que albergue o maior número posíbel de actividades, dirixidas a todos os sectores culturais. Neste sentido, o magosto é un acontecemento festivo arraigado na cidade de Vigo que se vén celebrando dende fai vinte anos no Casco Vello da cidade, primeiramente na Praza da Constitución e na actualizade na Praza do Berbés.

V.- O carácter cultural atópase entre as competencias atribuídas aos municipios no artigo 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

VI.- O artigo 72 da Lei 7/1985 fai referencia á conveniencia da participación de entidades de carácter sociocultural como colaboradores na organización de diversos programas e acontecementos culturais, ofertados polas entidades locais.

VII.- Conforme o disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento adecuado para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente.

VIII. O Concello de Vigo no seu vixente presuposto, na aplicación orzamentaria 3380.489.0013, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe 10.000,00 € (dez mil euros), a favor da Federación Viguesa de Peñas Recreativas El Olivo para o desenvolvemento da Festa do Magosto 2025.

IX.- A Federación Viguesa de Peñas Recreativas “El Olivo” non está incurso en prohibición para ser beneficiario das subvencións obxecto da Lei de Galicia 9/2007, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente nº 10504/335.

En base ás precedentes consideracións e ao interese cultural que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da Festa do Magosto 2025, o CONCELLO DE VIGO e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito cultural e a concesión da referida subvención en base aos seguintes



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1955/1102

PACTOS

Primeiro.- A Federación Viguesa de Peñas Recreativas “El Olivo” comprométese a colaborar co Concello en canto ao desenvolvemento da Festa do Magosto 2025 que terá lugar na praza do Berbés o día 8 de novembro de 2025, en particular a:

1º. Asumir todo o concernente á organización das actividades obxecto do convenio, achegando toda infraestrutura e equipo humano necesarios para tal fin, seguro de responsabilidade civil así como cumprir a programación que consta no expediente.

2º.- Asumir todos os gastos que se deriven deste convenio, agás os que especifiquen como responsabilidade do Concello.

3º.- Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización desta actividade.

4º.- Comezar as actividades do programa á hora anunciada ao público e comprobar coa antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamento, para realizar as correccións técnicas que resulten necesarias.

5º.- Xestionar e aboar a cantidade que corresponda polos dereitos de autor que se xeren pola programación que figura neste expediente.

6º.- Recoller e distribuír o material publicitario editado con motivo das festas, entregado polo Concello.

7º.- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento da actividade, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento das actividades; a ENTIDADE entregará ao CONCELLO copia da póliza e do recibo correspondente, nos días previos ao inicio da festa.

8º.- Deixar as zonas que se utilizan para a festa en perfectas condicións de limpeza e respectando a natureza do entorno.

9º.- Contratar a elaboración dun Plan de Autoprotección que avalíe os riscos que se poidan derivar da execución do programa de actividades, cumprindo coas recomendacións que deriven do mesmo, se así o require o Servizo Municipal de Seguridade e Mobilidade. A ENTIDADE entregará ao CONCELLO copia nos días previos ao inicio da festa.

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa organización da festa en xestións como a presenza da Policía Local e Protección Civil, para o seu bo desenvolvemento.

S.ord.26/09/2025

2º.- Dar Publicidade á festa:

- a) Achegar un total de cen carteis con motivo da festa, que entregará á entidade beneficiaria para a súa distribución, cunha antelación mínima de dez días.
- b) Entregar o material co logo do Concello de Vigo (lonas, plumas...)

3º.- Incluír esta actividade na campaña de publicidade que o Concello realice con motivo das actividades programadas para o ano 2025.

4º.- Conceder directamente a Federación Viguesa de Peñas Recreativas “El Olivo”, unha subvención por importe de 10.000,00 € (dez mil euros) co obxecto de coadxuvar ao financiamento da organización da Festa do Magosto 2025.

O Concello non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- O pagamento da cantidade estipulada no pacto segundo deste convenio efectuarase por transferencia bancaria á conta corrente número IBAN ES09 2080 5077 9330 4001 6285 da entidade ABANCA, e da que é titular a entidade beneficiaria, tras a xustificación das axudas segundo o establecido no pacto noveno.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sétimo.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a incorporación do logotipo do Concello de Vigo e da imaxe corporativa do evento en todos o soportes publicitarios que edite.

Oitavo.- En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC) a FEDERACIÓN



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1955/1102

VIGUESA DE PEÑAS RECREATIVAS “EL OLIVO”, está obrigado a relacionarse de forma electrónica coas Administracións Públicas.

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica <https://sede.vigo.org>

A tenor do disposto no artigo. 81 do regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 e xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas en papel.

No caso de que se achegue a documentación de forma presencial, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considérase como data de presentación da documentación aquela na que tivese realizada a subsanación.

Noveno.- A beneficiaria, unha vez rematada a actividade subvencionada e antes da segunda semana do mes de novembro, deberá xustificar o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos previstos pola concesión da subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto, a conta xustificativa a render deberá conter:

a) **Memoria de actuación** xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación das actividades desenvolvidas dentro do programa, datos de participación global, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) **Memoria económica** xustificativa do custo das actividades realizadas, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.
- Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se acheguen con especificación da súa data de emisión, proveedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.
- Facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas en papel.
As facturas deberán recoller o nome da empresa, o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio. As facturas cumprirán os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais

deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.

- De existiren, relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas. A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de Galicia 9/2007.

Décimo.- No caso de que a Asociación se opoña expresamente a que o Concello comprobe se aquela se atopa ao corrente nas súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro, a beneficiaria deberá acreditar estas circunstancias antes de proceder ao pagamento, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7.e da LG 9/2007. De non haber tal oposición expresa, o Concello recabará estes documentos de oficio, tal como establece o artigo 28.2 da Lei 39/2015, de 1 de decembro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Décimo primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no exercicio económico do convenio.

Décimo segundo.- A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a axeitada xustificación da mesma, será comprobada polo Servizo de Festas do Concello de Vigo. O persoal técnico do Servizo de Festas emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da Lei de Galicia 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinto.- A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego, e terá que ser revisada polo Concello de Vigo. En toda a información editada figurarán o logotipo do Concello de Vigo e da Asociación, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa do Servizo de Festas do Concello de Vigo, e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

Décimo sexto.- O mecanismo de seguimento de la execución de este convenio se establece en base ás memorias e informes que presenten las entidades asinantes y a presenza de persoal municipal nas propias actividades programadas.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1955/1102

Décimo sétimo.- O presente convenio terá vixencia anual ata o 31 de decembro de 2025 e non será prorrogábel.

Décimo oitavo.- O concelleiro delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais queda facultado para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

Décimo noveno.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Vixésimo.- Os datos persoais facilitados nos formularios son indispensables para a xestión da convocatoria e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedementos para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPd do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal, Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento da cultura, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial.

Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter mais información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org.

Vixésimo primeiro.- A actividade obxecto deste convenio está destinada ao público en xeral, e o acceso á mesma será libre e gratuíto; o número de asistentes limitarase á capacidade do lugar onde se celebre. De todos os xeitos, as actividades, servizos ou produtos ofertados alí poderán traer consigo unha achega económica por parte dos usuarios (billetes, entradas, etc.).

Por este motivo, a entidade beneficiaria proporá ao Concello os prezos para cada unha das actividades, servizos ou produtos, para obter a conformidade da Área de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais. A entidade deberá expor durante a celebración da actividade, nun lugar perfectamente visíbel, o listado de prezos de venda ao público.

A tal fin, establecerase un sistema de control de ingresos procedentes do goce ou uso das distintas actividades, que poderán ser billetes ou xustificantes de ingresos, nos que deberán figurar os conceptos e importes, e que estarán numerados correlativamente. A entidade proporalle ao Concello os modelos de billetes ou xustificantes, e tamén o seu número, para obter a correspondente conformidade.

Vixésimo segundo.- En cumprimento das normas de transparencia esixidas pola Lei 19/2013, do 9 de decembro, o convenio deberá publicarse no Portal de transparencia do Concello de Vigo e deberá rexistrarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), que opera como sistema nacional de publicidade das subvencións conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Vixésimo terceiro.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; así como a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, asinan o presente convenio, en Vigo, no lugar e data que se indican

6(739).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE PRODUCCIÓN TÉCNICA E SERVIZOS AUXILIARES DE SOPORTE DOS ACTOS DOS REIS MAGOS DO NADAL 2025-2026. EXPTE. 10496/335.

Visto o informe xurídico do 22/09/2025 e o informe de fiscalización do 23/09/2025, sométese a aprobación o informe-proposta do 19/09/2025, asinado pola xefa do Servizo de Festas e conformado pola concelleira de Área de Goberno, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1955/1102

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Mediante resolución do 11 de agosto de 2025, a Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal resolveu iniciar o expediente de contratación do servizo de produción técnica e servizos auxiliares de soporte dos actos dos Reis Magos no Nadal 2025-2026.

Segundo.- No expediente tramitado para o efecto consta a seguinte documentación:

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP), xunto coa resolución da concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión municipal que inicia o expediente (artigo 116 LCSP), de data 11 de agosto de 2025.
- Este contrato está incluído no Plan anual de contratación do Concello de Vigo para o exercicio 2025, aprobado pola Xunta de Goberno local na sesión do 27 de decembro de 2024 e publicado no perfil de contratante.
- Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP), de data 14 de agosto de 2025.
- Declaración da redactora do prego de prescricións técnicas particulares, de data 14 de agosto de 2025.
- Memoria económica, de data 16 de setembro de 2025, conformada polo concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda.
- Certificado de retención de crédito de data 14 de agosto de 2025 (operación nº 12024000098254).
- Memoria xustificativa, de data 17 de setembro de 2025.
- Informe sobre comprobación da documentación do servizo de contratación de data 19 de setembro de 2025.
- Prego de cláusulas administrativas particulares, de data 19 de setembro de 2025.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP, iníciarase polo órgano de contratación.

Nos municipios de grande poboación aos que se refire o artigo 121 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, a disposición adicional 2ª da LCSP sinala no seu apartado 4º que o órgano de contratación será a Xunta de Goberno local. No Concello de Vigo esta competencia de iniciación dos expedientes de contratación está delegada por acordo da Xunta do Goberno local do 22 de xuño do 2023 e posteriores modificacións, nos concelleiros da Área (BOPPO núm. 134 de 10 de xullo do 2024, última modificación vixente).

Segundo.- No expediente consta, tal e como prevé o artigo 116.3 LCSP, o prego de prescricións técnicas particulares asinado pola xefa do Servizo de Festas e o Prego de Cláusulas Administrativas particulares asinado pola xefa da Área de Contratación Novos Proxectos.

Terceiro.- O procedemento elixido para a contratación é o procedemento aberto, por canto, de acordo co artigo 156 LCSP, garante a libre concorrência.

Cuarto.- Con carácter previo á aprobación do expediente, emitirase informe preceptivo da titular da Asesoría Xurídica (disposición adicional 3ª.8 LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP).

Quinto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª.4 LCSP). A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto (artigo 117.1 LCSP).

PROPOSTA

Por todo o exposto, e previo informe xurídico favorable e de fiscalización da Intervención Xeral de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCSP, e o documento contable, propónse á Xunta de Goberno local a adopción do seguinte **ACORDO**:

“Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento aberto e tramitación ordinaria do servizo de produción técnica e servizos auxiliares de soporte dos actos dos Reis Magos no Nadal 2025 – 2026 (10496-335).



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1955/1102

Segundo: Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares do 14 de agosto de 2025, asinado pola xefa do Servizo de Festas, e o prego de cláusulas administrativas particulares do 19 de setembro de 2025, asinado pola xefa da Área de Contratación Novos Proxectos.

Terceiro: Autorizar o gasto polo importe do orzamento base de licitación 120.816,24 € euros, sendo o valor estimado do contrato de 99.848,13 €, con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.0901 (Cabalgata de Reis) na anualidade de 2026.

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(740).- RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS A ENTIDADES DEPORTIVAS DE VIGO PARA A PROMOCIÓN DO DEPORTE FEMININO NA TEMPADA 2024/2025 OU DO ANO 2025 NO CASO DAS MODALIDADES CUXA TEMPADA DEPORTIVA SEXA ANUAL. EXPTE. 13678/224.

Visto o informe de fiscalización do 23/09/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 15/09/2025, asinado pola xefa de Igualdade, a asesora xurídica adscrita ao Servizo e conformado pola concelleira delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 23 de maio de 2025, aprobou as Bases reguladoras e a convocatoria específica das subvencións do Servizo de Igualdade a entidades deportivas sen ánimo de lucro do Concello de Vigo para a promoción do deporte feminino na tempada 2024/2025 ou do ano 2025 no caso das modalidades deportivas cuxa tempada se corresponda co ano natural.

A cantidade máxima destinada a esta liña de subvencións é de 45.000,00 € (corenta e cinco mil euros) que se farán efectivos con cargo á aplicación orzamentaria 2311 4890000 “Promoción da igualdade e do deporte feminino” do orzamento vixente do Servizo de Igualdade.

A convocatoria e as bases reguladoras publicáronse na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) e no portal de transparencia do Concello de Vigo. As Bases reguladoras e o extracto da convocatoria publicáronse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) nas datas do 29 de maio de 2025 e do 3 de xuño de 2025, respectivamente.

Conforme dispón a base décima, o prazo de presentación de solicitudes foi de 10 días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no BOPPO, polo que o prazo de presentación comezou o día 4 de xuño e rematou o 17 de xuño de 2025, incluídos.

A base décimo primeira establece que as solicitudes e a documentación esixida debían presentarse exclusivamente por medios electrónicos, en cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) e d) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC).

Recibíronse solicitudes correspondentes a 83 entidades no Rexistro electrónico do Concello de Vigo.

Todas as entidades rexistraron a súas solicitudes na forma e no prazo establecidos.

O Servizo de Igualdade, como órgano instrutor do procedemento, procedeu ao estudo das solicitudes presentadas e da documentación que debe acompañalas. Tras a revisión das solicitudes, solicitouse a documentación necesaria ás entidades que presentaron a solicitude incompleta e/ou defectuosa. Todas as entidades achegaron a documentación solicitada.

Toda vez que as Bases reguladoras da convocatoria establecen unha contía máxima da axuda a conceder por entidade beneficiaria de 1.500 € (base oitava), as entidades solicitantes acreditaron estar ao corrente das súas obrigas tributarias e para coa Seguridade Social e co Concello de Vigo presentando unha declaración responsable (Anexo IV).

Rematada a instrución do expediente, este foi remitido á Comisión de Avaliación, integrada por D.^a Ana Laura Iglesias González, concelleira de Igualdade e Comercio, que actuou como presidenta, D.^a Cristina Gómez García, xefa do Servizo de Igualdade que, ademais, actuou como secretaria, e D.^a Ana Kowalski Bianchi, asesora xurídica do Servizo de Igualdade. A Comisión constituíuse o día 15 de setembro de 2025, ás 12:00 h, co obxecto de avaliar as solicitudes presentadas conforme os criterios e baremos sinalados na base sétima da convocatoria.

Segundo o disposto na citada base sétima, a avaliación das solicitudes iniciárase procedendo á exclusión das solicitudes que non reúnan os requisitos estipulados na base quinta.

Tras a súa revisión, a Comisión comprobou que todas as solicitudes presentadas reúnen os requisitos esixidos.

Incorpórase ao expediente a acta da sesión constitutiva da Comisión de Avaliación xunto coas follas valorativas de cada entidade solicitante e unha táboa que reflicte os puntos, as contías provisionais, os incrementos das contías provisionais, no seu caso, e os importes finais das subvencións propostas que corresponden a cada unha das entidades solicitantes.

En cumprimento do artigo 21.4 da Lei de subvencións de Galicia, maniféstase que da información que obra no poder do Servizo de Igualdade se desprende que as entidades beneficiarias cumpren todos os requisitos necesarios para acceder a estas axudas.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1955/1102

Así mesmo, tendo en conta o estado no que se atopa actualmente o procedemento e co fin de posibilitar que as entidades beneficiarias poidan xustificar en prazo o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos, cómpre rectificar a data límite de xustificación establecida na base décimo quinta das Bases reguladoras ampliándoa ata o 31 de outubro de 2025 incluído, polo que “as beneficiarias deberán presentar a conta xustificativa con data límite o 31 de outubro de 2025 (incluído), xustificando o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos”, quedando as demais disposicións recollidas na citada base sen variación.

En aplicación das Bases reguladoras e previo o preceptivo informe da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

“1º.- Conceder, con cargo á aplicación orzamentaria *“Promoción da igualdade e do deporte feminino”* 2311 4890000 do orzamento vixente do Servizo de Igualdade, as axudas ás entidades que se relacionan no anexo I deste acordo, dentro do “Programa de subvencións do Servizo de Igualdade a entidades deportivas sen ánimo de lucro do Concello de Vigo para a promoción do deporte feminino na tempada 2024/2025 ou do ano 2025 no caso das modalidades deportivas cuxa tempada se corresponda co ano natural”, por un importe total de corenta e catro mil novecentos noventa e nove euros con trinta e un céntimos (44.999,31 €); constando no anexo I a relación das entidades beneficiarias e as contías das axudas concedidas.

2º.- Publicar este acordo no Portal de Transparencia e Bo Goberno do Concello de Vigo e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións para a súa publicación.

3º.- Rectificar a data límite para que as entidades beneficiarias xustifiquen o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos que se recolle na base décimo quinta das Bases reguladoras, ampliándoa ata o 31 de outubro de 2025 incluído, polo que “as beneficiarias deberán presentar a conta xustificativa con data límite o 31 de outubro de 2025 (incluído), xustificando o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos”, quedando as demais disposicións recollidas na citada base sen variación.

4º.- Notificar este acordo ás entidades interesadas, con indicación de que pon fin á vía administrativa e de que contra el poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses.”

ANEXO I: ENTIDADES BENEFICIARIAS, PUNTUACIÓNS E CONTÍAS CONCEDIDAS

ENTIDADE BENEFICIARIA	CIF	CONTÍA SOLICITADA	MODALIDADE DEPORTIVA	GRUPO MODALIDADE DEPORTIVA	PUNTUACIÓN TOTAL	CONTÍA CONCEDIDA
AS SPORT VIGO	G27749837	1.500,00 €	TAEKWONDO	B	8	340,10 €
CLUB DE ESGRIMA DE VIGO EL OLIVO	G36869873	1.500,00 €	ESGRIMA	A	9	382,62 €
CLUB DE PIRAGÜISMO OLÍVICO	G27822006	900,00 €	PIRAGÜISMO	A	12	510,15 €
CLUB CICLISTA CORUXO	G27710730	1.500,00 €	CICLISMO	A	7	297,59 €
CLUB CIOS VIGO	G36795680	1.500,00 €	FÚTBOL	A	10	425,13 €
TRAVIESAS HOCKEY CLUB	G36680239	1.500,00 €	PATINAXE	A	11	467,64 €
CLUB KAYAK VIGO	G36978559	1.000,00 €	PIRAGÜISMO	A	9	382,62 €
CLUB DEPORTIVO PÁDEL FEMENINO CÍES	G27713759	1.500,00 €	PÁDEL	B	10	425,13 €
CLUB PATINAXE ARTÍSTICA CORUXO	G27865831	1.500,00 €	PATINAXE	A	15	637,69 €
CLUB SOCIEDAD DEPORTIVA CARBALLAL	G36686376	1.500,00 €	BALONMÁN	A	17	722,72 €
CLUB DEPORTIVO OLD SCHOOL BOXING	G27773928	1.500,00 €	BOXEO	A	7	297,59 €
CLUB PETANCA FLORIDA	G36792711	550,00 €	PETANCA	A	9	382,62 €
CLUB PETANCA OUTEIRO	G27788314	1.300,00 €	PETANCA	A	11	467,64 €
CLUB DE TAEKWONDO KAE SPORT	G27830975	1.000,00 €	TAEKWONDO	B	8	340,10 €
CLUB DEPORTIVO XUVENIL TEIS	G36713493	1.500,00 €	VOLEIBOL	A	25	1.062,82 €
CLUB VIGO VOLEIBOL	G36658219	1.500,00 €	VOLEIBOL	A	16	680,20 €
CLUB DEPORTIVO BOSCO	G36692317	1.500,00 €	BALONCESTO	A	23	977,79 €
CLUB PETANCA VIGO	G36702413	500,00 €	PETANCA	A	8	340,10 €
CLUB PATINAXE ARTÍSTICA VALLADARES	G36765733	1.500,00 €	PATINAXE	A	18	765,23 €
AGRUPACIÓN VIGUESA DE ATLETISMO	G36645109	1.500,00 €	ATLETISMO	A	10	425,13 €
CLUB MANIOTAS	G36684819	1.500,00 €	XIMNASIA	A	20	850,26 €
CLUB DEPORTIVO FLIC FLAC	G36931582	1.000,00 €	XIMNASIA	A	24	1.000,00 €

ENTIDADE BENEFICIARIA	CIF	CONTÍA SOLICITADA	MODALIDADE DEPORTIVA	GRUPO MODALIDADE DEPORTIVA	PUNTUACIÓN TOTAL	CONTÍA CONCEDIDA
UNIÓN VECIÑAL CULTURAL E DEPORTIVA DE CANDEÁN	G36863348	1.500,00 €	FÚTBOL	A	7	297,59 €
CLUB ATLETISMO FEMENINO CELTA	G36927689	1.500,00 €	ATLETISMO	A	23	977,79 €
CLUB MINAUTA	G36834240	900,00 €	MOTONÁUTICA ADAPTADA	A	8	340,10 €
CLUB CÍES SQUASH	G27869437	1.000,00 €	SQUASH	A	10	425,13 €
CLUB NATACIÓN TRAVIESAS	G36823524	1.500,00 €	NATACIÓN	A	9	382,62 €
CLUB PEÑA TREVINCA MONTAÑEIROS DE GALICIA	G36630192	800,00 €	MONTAÑISMO + ESPELEOLOXÍA	B + A	11,5	488,90 €
CLUB DEPORTIVO VALLADARES DE VIGO	G36629657	1.500,00 €	FÚTBOL	A	13	552,67 €
CLUB DE BALONCESTO SEIS DO NADAL-COIA	G36942142	1.500,00 €	BALONCESTO	A	21	892,77 €
CLUB SAN ROQUE CASABLANCA	G36763084	1.500,00 €	FÚTBOL	A	9	382,62 €
CÍRCULO CULTURAL, MERCANTIL E INDUSTRIAL DE VIGO	G36614097	1.500,00 €	PÁDEL + TENIS	B + B	6	255,08 €
ESCUELAS DEPORTIVAS VIGO 2015 FÚTBOL SALA	G36982239	1.000,00 €	FÚTBOL	A	8	340,10 €
CLUB MONTAÑEIROS CELTAS	G36637890	1.500,00 €	MONTAÑISMO + ESPELEOLOXÍA	B + A	13,5	573,92 €
CLUB BÁDMINTON CÍES	G36827418	1.000,00 €	BÁDMINTON	A	17	722,72 €
CLUB PEÑASCO	G27804970	500,00 €	FÚTBOL	A	8	340,10 €
CLUB DEPORTIVO COLEXIO MARIANO	G36649408	1.500,00 €	BALONCESTO	A	15	637,69 €
AGRUPACIÓN DEPORTIVA GALICIA SOCIAL	G36622934	1.000,00 €	BALONMÁN	A	13	552,67 €
CLUB CASTRELOS PATINAXE ARTÍSTICA	G36811974	700,00 €	PATINAXE	A	18	700,00 €
AGRUPACIÓN DEPORTIVA SODIM	G27727965	1.000,00 €	VELA	A	9	382,62 €
CLUB NATACIÓN RÍAS BAIXAS	G36827079	1.500,00 €	NATACIÓN	A	14	595,18 €
CLUB NATACIÓN SINCRONIZADA RÍAS BAIXAS VIGO	G27763812	1.100,00 €	NATACIÓN	A	18	765,23 €

ENTIDADE BENEFICIARIA	CIF	CONTÍA SOLICITADA	MODALIDADE DEPORTIVA	GRUPO MODALIDADE DEPORTIVA	PUNTUACIÓN TOTAL	CONTÍA CONCEDIDA
CLUB PETANCA ENSINO	G36798866	600,00 €	PETANCA	A	8	340,10 €
CLUB DEPORTIVO SEUNGSPORT	G27810761	1.500,00 €	TAEKWONDO	B	8	340,10 €
CLUB BALONMÁN SEIS DO NADAL-COIA	G36948115	1.500,00 €	BALONMÁN	A	15	637,69 €
CLUB MARISTAS EL PILAR	G36690782	1.500,00 €	VOLEIBOL	A	12	510,15 €
CLUB ESCOLA ROSALÍA	G27827856	1.500,00 €	XIMNASIA + PATINAXE + BÁDMINTON	A + A + A	25	1.062,82 €
ASOCIACIÓN CENTRO VECIÑAL E CULTURAL DE VALLADARES	G36805158	1.500,00 €	FÚTBOL	A	8	340,10 €
CLUB BALONCESTO SALESIANOS	G36875391	1.500,00 €	BALONCESTO	A	21	892,77 €
CLUB DEPORTIVO MOSTEIRO BEMBRIVE F.S.	G36886422	1.500,00 €	FÚTBOL	A	14	595,18 €
AGRUPACIÓN DEPORTIVA TAMIAR APAMP	G36657450	1.500,00 €	BOCCIA – DEPORTE ADAPTADO	A	9	382,62 €
C.A.R. MARISQUEIRO	G27737477	1.200,00 €	ATLETISMO + MONTAÑISMO	A + B	12,5	531,41 €
CLUB DEPORTIVO NS ESPERANZA	G55389076	1.500,00 €	BALONCESTO	A	13	552,67 €
CLUB INDALO PATINAJE ARTÍSTICO	G16794968	1.500,00 €	PATINAXE	A	22	935,28 €
CLUB HALTEROFILIA VIGO	G36757623	1.500,00 €	HALTEROFILIA	A	10	425,13 €
CLUB DEPORTIVO FREESTYLE SLALOM VIGO	G27722305	1.500,00 €	PATINAXE	A	18	765,23 €
CLUB PETANCA CABRAL	G36765055	1.500,00 €	PETANCA	A	14	595,18 €
CLUB AS RODAS PATINAXE ARTÍSTICO (CARPA)	G36645091	925,00 €	PATINAXE	A	16	680,20 €
CLUB DE FÚTBOL SAN MIGUEL	G36743433	1.500,00 €	FÚTBOL	A	6	255,08 €
COMESAÑA SPORTING CLUB	G36645257	1.200,00 €	ATLETISMO	A	13	552,67 €
S.D. ATLETISMO SAN MIGUEL	G36645018	1.000,00 €	ATLETISMO	A	10	425,13 €
GMTA&CHUVONERS	G27782168	350,00 €	MONTAÑISMO	B	7,5	318,85 €
CLUB SAN IGNACIO DE LUCHA	G36708303	800,00 €	LOITA	A	8	340,10 €

ENTIDADE BENEFICIARIA	CIF	CONTÍA SOLICITADA	MODALIDADE DEPORTIVA	GRUPO MODALIDADE DEPORTIVA	PUNTUACIÓN TOTAL	CONTÍA CONCEDIDA
UNION BALONMÁN LAVADORES	G36810075	1.500,00 €	BALONMÁN	A	15	637,69 €
CLUB LAVANDEIRAS DE SAN SIMÓN	G19816016	1.500,00 €	FÚTBOL	A	14	595,18 €
CLUB PATÍN VAGALUME	G36982304	1.500,00 €	PATINAXE	A	16	680,20 €
YIDAM - CEIP BALAÍDOS	G27782176	1.500,00 €	TAEKWONDO	B	9,5	403,87 €
PECHECHES F.S.	G27778521	1.500,00 €	FÚTBOL	A	8	340,10 €
CLUB MARÍTIMO DE CANIDO	G36630127	1.500,00 €	VELA	A	8	340,10 €
CLUB DO LUME	G36852671	800,00 €	PETANCA	A	14	595,18 €
HOCKEY HERBA VIGO STICK	G44564003	1.483,24 €	HOCKEY	A	8	340,10 €
CLUB DEPORTIVO C.S.C.R. DE BEADE	G36904530	950,00 €	ATLETISMO + PETANCA	A + A	17	722,72 €
TRASNOS BÉISBOL CLUB	G27750645	1.500,00 €	BÉISBOL E SÓFBOL	A	9	382,62 €
CLUB VOLEI PRAIA VIGO	G36990109	1.500,00 €	VOLEIBOL	A	24	1.020,31 €
CLUB VIGO SQUASH	G36929511	1.500,00 €	SQUASH	A	8	340,10 €
GIMNASIO CLUB SIMÓN	G36886901	1.500,00 €	BOXEO + KICKBOXING E MUAY THAI	A + A	16	680,20 €
VIGOPÁDEL	G27853951	1.500,00 €	PÁDEL	B	7	297,59 €
VETERANAS DE BALONMANO	G27847615	1.500,00 €	BALONMÁN	A	20	850,26 €
CLUB DEPORTIVO TEIS	G36752640	1.300,00 €	FÚTBOL	A	8	340,10 €
CLUB DE FÚTBOL BALAÍDOS	G36737724	1.500,00 €	FÚTBOL	A	10	425,13 €
REAL CLUB NÁUTICO DE VIGO	G36612752	1.500,00 €	NATACIÓN	A	22	935,28 €
ILLAS CÍES TENIS DE MESA	G27849090	1.000,00 €	TENIS DE MESA	A	9	382,62 €
CLUB DE ESGRIMA CIUDAD DE VIGO	G36888543	1.500,00 €	ESGRIMA	A	10	425,13 €

44.999,31 €

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(741).- NOMEAMENTO DE PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO NA CATEGORÍA DE PSICÓLOGO/A, CON CARGO A PRAZA VACANTE, PARA O CENTRO MUNICIPAL DE INFORMACIÓN DOS DEREITOS DA MULLER. EXPTE. 46399/220.

Visto o informe de fiscalización de data 17/09/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 16/09/2025, asinado pola técnica de Administración Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira delegada e pola concelleira da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- Pola xefatura do Servizo de Igualdade, solicítase persoal interino coa categoría de psicólogo, con cargo a praza vacante por insuficiencia de medios persoais neste departamento, concretamente no *Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller* (CIM),

II.- Consta informe técnico no expediente, de data 26/05/2025, segundo o cal:

“Vista da solicitude contida no documento 250072847, que forma parte do expediente 46399-220, informase:

No cadro de persoal figuran 4 prazas “Psicólogo/a”, das que dous están ocupadas por funcionarios de carreira. Das dúas vacantes, unha delas atópase cuberta por funcionario/a interino/a con cargo a vacante (Artigo 10.1 a) TREBEP) e incluída na OEP 2024.

Cod.- serv	Serv	Situa- cion	Posto	OEP
311	IGUALDADE	OI	Psicólogo/a.	OEP 24
311	IGUALDADE	V	Psicólogo/a.	

III.- Por acordo de XGL de data 24 de xullo de 2025, nomeouse como persoal funcionario interino á candidata que lle correspondía segundo os criterios de xestión de listas de reserva vixentes no momento do chamamento.

IV.- Requirida o día 30/07/2025 para que se presente a toma de posesión, con data 08/08/2025, tivo entrada a través do Rexistro electrónico solicitude a través da cal renuncia ao seu nomeamento interino con cargo a vacante. A renuncia foi aceptada por Resolución de dta 19/08/2025

V.- Consta informe de data 05/09/2025 segundo o cal “... salvo erro ou omisión, procede o chamamento como psicóloga do CIM á candidata que se relaciona a continuación, que aceptou o nomeamento e presentou a documentación requirida para o efecto:

M. A. HERMIDA GARAZO DNI ***9601** “

VI.- Consta informe técnico de cuantificación económica de data 12/09/2025, segundo o cal:

“Custo Posto 105 Psicólogo/a Período **15/09/2025-31/12/2025**

Aplicación 2311 1200000: 5146,88€

Aplicación 2311 1210000: 2938,18€

Aplicación 2311 1210100: 5339,15 €

Aplicación 2311 1600000: 3600,81€”

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Normativa de aplicación

-Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

- O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:
“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”
- O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que *“el procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”*

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, ditada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

“FD CUARTO.- (...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley



Concello de Vigo

de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.” A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** establece que:

“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”

II.- Consideracións sobre o nomeamento de funcionarios interinos en atención ao marco normativo vixente. Análise da modalidade proposta

Consonte ao disposto no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (en adiante, TREBEP) son funcionarios interinos son aqueles que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios de carreira, cando concorran algunhas das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa “La existencia de plazas vacantes, cuando no sea posible su cobertura por funcionarios de carrera, por un máximo de tres años, en los términos previstos en el apartado 4;...

O apartado 4 da mesma lei: *“En el supuesto previsto en el apartado 1.a), las plazas vacantes desempeñadas por personal funcionario interino deberán ser objeto de cobertura mediante cualquiera de los mecanismos de provisión o movilidad previstos en la normativa de cada Administración Pública.*

No obstante, transcurridos tres años desde el nombramiento del personal funcionario interino se producirá el fin de la relación de interinidad, y la vacante solo podrá ser ocupada por personal funcionario de carrera, salvo que el correspondiente proceso selectivo quede desierto, en cuyo caso se podrá efectuar otro nombramiento de personal funcionario interino.

Excepcionalmente, el personal funcionario interino podrá permanecer en la plaza que ocupe temporalmente, siempre que se haya publicado la correspondiente convocatoria dentro del plazo de los tres años, a contar desde la fecha del nombramiento del funcionario interino y sea resuelta conforme a los plazos establecidos en el artículo 70 del TREBEP. En este supuesto podrá permanecer hasta la resolución de la convocatoria, sin que su cese dé lugar a compensación económica...”

Pola súa banda a Lei 31/2022, de 23 de decembro de orzamentos xerais do Estado para o ano 2023, actualmente prorrogada, dispón no artigo 20, apartado Dos, punto 2.:

“Las Administraciones Públicas deberán tener en cuenta las plazas de personal interino por vacante y personal laboral temporal por vacante nombradas en el año 2023.

En todo caso, las vacantes ocupadas por este personal deberán incluirse en la Oferta de Empleo Público correspondiente al ejercicio en que se produce su nombramiento y, si no fuera posible, en la siguiente, salvo que se decida su amortización...”

Os nomeamentos deberán recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no corpo ao que pertenza o posto de traballo, rematando a súa vixencia, segundo o establecido no propio artigo 10, pola finalización do prazo autorizado expresamente recollido no seu nomeamento, sen dereito a compensación algunha. Ademais disto, a Administración formalizará de oficio a finalización da relación de interinidade polas causas previstas no artigo 63 da mesma norma.

No presente caso a xefatura de igualdade solicita persoal interino para a cobertura da vacante de psicólogo en atención as circunstancias expostas.

Polo tanto, visto o artigo 10.1.a) do TREBEP, e normativa de aplicación, o informe técnico referido no antecedente II de este informe, procede o nomeamento interino con cargo a praza vacante de psicóloga/o, que deberá incluírse na OEP de 2025

III.- Observacións respecto da xornada e horario

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase segundo estableza a xefatura do servizo ou área consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes en canto non contraveña o marco normativo vixente e o disposto na Resolución de 28 de febreiro de 2019, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se ditan Instrucións sobre a xornada e horarios de traballo, de aplicación ás entidades locais («BOE» núm. 52, de 01/03/2019) actualmente en vigor.

IV.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta na solicitude de data de sinatura electrónica incorporada ao expediente, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo coa Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016 (expediente electrónico nº 27.576/220) debendo ser contextualizadas no marco normativo actualmente vixente á data de sinatura do presente informe-proposta.

V. - Proposta de gasto:



Concello de Vigo

Segundo consta no informe técnico de cuantificación económica incorporado ao expediente e transcrito no punto IV dos antecedentes de este informe.

Remitímonos ao contido do informe técnico obrante no expediente, solicitando que os aspectos indicados no mesmo se contemplen no preceptivo informe de fiscalización.

VI.- SOMETEMENTO Á FISCALIZACIÓN PREVIA E PRECEPTIVA

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

“ 1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.

2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:

- a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.*
- b) La intervención formal de la ordenación del pago.*
- c) La intervención material del pago.*
- d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.”*

Consta informe favorable de fiscalización do gasto de data 12/05/2025.

VII. - ÓRGANO MUNICIPAL COMPETENTE:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e da xestión económica do mesmo contemplado no artigo 127, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, resulta competente a Xunta de Goberno Local para a aprobación do presente expediente.

Adicionalmente, resulta preceptiva a previa conformidade da Concellería-delegada da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por Resolución da Excm. Alcaldía de data 28/06/2024 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 13/06/2025.

PROPOSTA DE ACORDO:

“PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento de 1 funcionario/a interino/a nos termos e condicións seguintes:

- Categoría profesional: Psicóloga/a

- Modalidade legal: persoal funcionario interino con cargo a vacante que deberá incluírse na OEP 2025.
- Destino: Servizo de Igualdade
- Período temporal: polo tempo estritamente necesario, cun máximo de tres anos, nos termos previstos no apartado 4 (artigo 10.1, letra a) do TREBEP).
- Custe económico: Co seguinte detalle:

*“Custo Posto 105 Psicólogo/a Período **15/09/2025-31/12/2025***

Aplicación 2311 1200000: 5146,88€

Aplicación 2311 1210000: 2938,18€

Aplicación 2311 1210100: 5339,15 €

Aplicación 2311 1600000: 3600,81€”

- Todo consonte aos informes e proposta de acordo emitidos e incorporados na tramitación do expediente electrónico obxecto de aprobación.

SEGUNDO: Nomear en réxime de persoal funcionario interino, na categoría de Psicólogo e nos termos e condicións do establecido no apartado primeiro do presente acordo, a:

M. A. HERMIDA GARAZO DNI ***9601** “

Elo de conformidade de conformidade cos criterios de xestión das listas de reserva vixentes no momento do chamamento (XGL de data 20/05/2022, vixentes para o ámbito do Concello de Vigo, e o Convenio de Colaboración coa Xerencia Municipal de Urbanismo de data 17/06/2024).

